



CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

Aprobado definitivamente o acordo do Pleno da Corporación de data 25 de setembro de 2020 sobre modificación da Base 33 das de execución do orzamento para 2020 de conformidade co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, publícase a modificación definitiva: subvención nominativa Asociación de Nais e Pais CEIP Castrodouro por adquisición libros e material escolar (infantil): 700 euros.

Dita aprobación poderá ser impugnada ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas no artigo 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazos que establecen as normas de devandita Xurisdición.

Alfoz, 3 de novembro de 2020.-O Alcalde, Jorge Val Diaz.

R. 2688

BARREIROS

Anuncio

CONVOCATORIA PROCESO SELECTIVO TECNICO/A DE TURISMO. PERSOAL LABORAL TEMPORAL (FOMENTO DO EMPREGO 2020)

Pola Xunta de Goberno Local do 30 de outubro de 2020 aprobanse as bases que rexerán a contratación por concurso-oposición dun posto de técnico/a de turismo, en réxime laboral temporal no concello de Barreiros ao abeiro do programa de Fomento do Emprego, incluído no Plan Provincial Unico de cooperación cos concellos 2020.

Prazo de presentación de instancias: DEZ DÍAS HABLES a contar dende o seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP (de 9:30 a 14:30 horas, no Rexistro xeral do concello de Barreiros- Rúa Vila, 63, 27790, San Cosme de Barreiros), tamen poderán presentarse a través da sede electrónica municipal (barreiros.sedelectronica.es) e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.

Bases da convocatoria: publicadas na páxina web do concello www.concellodebarreiros.com, na paxina web da Deputación de Lugo e no Taboleiro de anuncios do concello (físico e sede electrónica).

Barreiros, 3 de novembro de 2020.- A alcaldesa, Ana Belen Ermida Igrexas.

R. 2689

CARBALLEDO

Anuncio

En sesión plenaria celebrada o 29 de outubro de 2020 foi inicialmente aprobado o expediente de modificación de crédito do orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito núm. 2/2020, por importe de **16.600,00€ (DEZASÉIS MIL SEISCENTOS EUROS)**, o que faise público polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno; de tal xeito que o expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o citado período non fora presentada reclamación algunha ao mesmo.

Carballedo, 2 de novembro de 2020.-O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 2690

Anuncio

En sesión plenaria celebrada o 29 de outubro de 2020 foi inicialmente aprobado o expediente de modificación de crédito do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito núm. 1/2020 para a aplicación do superávit orzamentario con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais, por importe de **88.000,00€ (OITENTA E OITO MIL EUROS)** o que faise público polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno; de tal xeito que o expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o citado período non fora presentada reclamación algunha ao mesmo.

Carballedo, 2 de novembro de 2020.-O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 2691

Anuncio

Aprobado inicialmente, en sesión extraordinaria celebrada con data 29 de outubro de 2020 polo Pleno deste Concello, o Orzamento Xeral as Bases de Execución, a Relación de postos de Traballo e a Plantilla de Persoal para o exercicio 2021, exponse ao público polo prazo de quince días, durante o cal os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, de conformidade co establecido no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e co artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

O expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o citado período non foran presentadas reclamacións ao mesmo.

Carballedo, 2 de novembro de 2020.-O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 2692

O CORGO

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía do 15 de outubro de 2020 nomeouse o Tribunal que xulgará o procedemento de selección de persoal PARA OS TRABALLOS DE RECOMPILACIÓN DA LITERATURA DE TRADICIÓN ORAL E ETNOGRÁFICA DO CORGO, publicándose, tal e como establecen as bases da convocatoria, no BOP de Lugo nº 246, do 27 de outubro de 2020.

Detectado que a composición do devandito tribunal non cumpre o principio de paridade entre mulleres e homes establecido na lexislación vixente, por Resolución da Alcaldía do 2 de novembro procedeuse a modificar a súa composición, quedando composto polos seguintes membros:

Presidente: María Montes López, profesora da USC

Secretario: Marco A. García-Gabilán Sangil, Secretario do Concello do Corgo

Vogal: Antonio Reigosa Carreira, Funcionario da Deputación de Lugo, responsable de comunicación da Rede Museística.

Vogal: Mónica Giménez López, funcionaria da Deputación Provincial de Lugo.

Vogal: Xosé Manuel Castro Castedo, profesor de Lingua e Literatura Galega.

Suplentes:

Ana J. Fernández Reija, Administrativo Xefe de Sección do Concello do Corgo

O Corgo, 2 de novembro de 2020.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 2693

COSPEITO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO

SUMARIO

Acordo do Pleno do Concello de Cospeito polo que se aproba o expediente de modificación de créditos n.º 2020002 do Orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito entre aplicacións de distintas áreas de gasto.

TEXTO

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de aprobación inicial deste Concello, adoptado en data 24 de setembro de 2020, sobre transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto, como segue a continuación:

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
453	61900	Carreteras.- Otras inversiones de reposición de infraestructuras y bienes destinados al uso general	304.292,11	7.615,58	311.907,69
		TOTAL	304.292,11	7.615,58	311.907,69

1. Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
920	12004	Administración General.- Sueldos del Grupo C2	5.739,94	2.682,32	3.057,62
920	12100	Administración General.- Complemento de destino	33.713,32	2.520,00	31.193,32
920	12101	Administración General.- Complemento específico	57.941,26	2.413,26	55.528,00
		TOTAL	97.394,52	7.615,58	89.778,94

2. Baixas en Aplicacións de Gastos

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Cospeito, 2 de novembro de 2020.- O alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 2694

LUGO

Anuncio

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 28 de outubro de 2020, adoptou entre outros o acordo 4/528 **DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS NA TENENTE DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA PARA A ADOCIÓN DE RESTANTES ACTOS DE TRÁMITE E RESOLUTIVOS DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO ALUMEADO DO NADAL 2020-2021.**

Por todo o cal e con base no sinalado no artigo 9 da Lei 40/15 do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Lugo, 3 de novembro de 2020.- CONCELEIRA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, Mercedes Paula Lavarellos Fondo.

R. 2695

O PÁRAMO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data **2/11/2020**, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrència ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **OUTUBRO** de 2020, polo importe total de **2.551,69 €**

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 3 de novembro de 2020.- O Alcalde, Jose Luis López López.

R. 2696

RIBADEO

Anuncio

Resolución de Alcaldía núm. 649/2020 do Concello de Ribadeo pola que, concluído o procedemento selectivo, noméase persoal para cubrir a praza de Técnico de Medio Ambiente, posto 0707 da actual RPT municipal.

Por Resolución de Alcaldía núm. 649/2020 de data 20 de outubro de 2020, una vez concluído o proceso de selección, efectuouse o nomeamento de:

Identidade	DNI
Jaime PÉREZ FERNANDEZ	33545715-P

Características da praza:

Servizo/Dependencia	Area Medio Ambiente
Ide. Posto	0707/RPT
Denominación do posto	Técnico Medio Ambiente
Natureza	Funcionario
Nomeamento	20/10/2020
Escala	Administración Especial
Subescala	Técnica
Clase/Especialidade	Técnico Medio Ambiente
Grupo/Subgrupo	A/A1

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, e artigo 25.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Ribadeo, 21 de outubro de 2020.- O alcalde, Fernando Suárez Barcia.

R. 2697

SAMOS

Anuncio

CONVOCATORIA E BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA INTERINA DA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL A MEDIA XORNADA VACANTE NA PLANTILLA DE PERSOAL DO CONCELLO DE SAMOS

O Concello de Samos aprobou por Resolución de Alcaldía nº 2020-0140 e data 30 de outubro de 2020 a convocatoria e as bases para a cobertura interina dunha praza de Traballador/a social , a media xornada, vacante na plantilla de persoal deste Concello.

“BASES PARA A COBERTURA INTERINA DA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL, REXIME XURIDICO FUNCIONARIAL A MEDIA XORNADA, NO CONCELLO DE SAMOS

Bases da convocatoria para provisión dunha praza de traballador social interino a media xornada vacante na plantilla de persoal do Concello de Samos, ata a súa cobertura definitiva por funcionario de carreira.

PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección de persoal interino para cubrir un posto de traballador social vacante na plantilla de persoal deste Concello, mediante o sistema de OPOSICIÓN LIBRE, para o cumprimento da ratio de servizos sociais, ata a provisión definitiva por funcionario de carreira.

Nº VACANTES	DENOMINACION	CLASIFICACION	GRUPO
1	TRABALLADOR/A SOCIAL ½ XORNADA	Escala de Administración Especial. Subescala técnica. Técnico medio	A/ A2

A mencionada praza atópase dotada no orzamento vixente, correspondendolle as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 da lei 30/84, de 2 de agosto e as disposicións aplicables nesta materia .

As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e o non previsto nelas, polo establecido no Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, na Lei 30/84, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no Texto Refundido 781/1986, do 13 de xuño, na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, e no Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da función Pública de Galicia, e demais disposicións aplicables.

SEGUNDA. Publicidade.

As presentes bases, xunto cos seus anexos, publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Samos (www.Concellosamos.es)

Os sucesivos anuncios relativos a esta convocatoria, publicaranse unicamente no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello de Samos (www.Concellosamos.es).

TERCEIRA.- Requisitos dos aspirantes

Para ser admitido/a á realización das probas, os aspirantes deberán reunir, os seguintes requisitos referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes deberán manterse durante todo o proceso selectivo.

1. Cidadanía:

-Ser cidadán español.

-Ser cidadán dun Estado membro da Unión Europea

-Ser descendente de cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou do seu cónxuxe, non separado de dereito, menor de 21 anos ou maior que viva ás súas expensas.

-Ter dereito a ser empregado público en virtude de tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España no que sexa de aplicación á libre circulación de traballadores.

2. Idade:

-Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade de xubilación forzosa.

3. Titulación:

-Diplomatura ou grado en Traballo Social ou titulación equivalente, que habilite para o exercicio da profesión regulada de Traballador/a social.

-No suposto de invocar un título equivalente ou homologado ó esixido ou obtido no estranxeiro, deberá xustificar con certificado expedido polo organismo competente para a homologación.

4. Outros:

-Acreditación do Galego mediante a presentación do Celga 4 ou superior.

-Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto. No caso de ser seleccionado para o posto, acreditarase mediante certificado médico oficial.

-Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin de atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso o emprego público. No caso de ser seleccionado para o posto, acreditarase mediante declaración formal baixo xuramento ou promesa.

-Non estar incurso nos supostos de incompatibilidades ou incapacidade previstos na lexislación vixente.

Os requisitos anteriormente establecidos deberán posuírse polos aspirantes no momento da finalización do prazo de presentación de instancias, debendo manterse as mesmas durante todo o período selectivo, ata a formalización do contrato de traballo.

CUARTA.- Presentación de instancias e documentación.

As instancias solicitando participar no proceso selectivo, dirixiranse ao Sr. Alcalde do Concello de Samos. Presentaranse debidamente cubertas, no modelo oficial que figura como Anexo I desta convocatoria, no prazo de vinte (20) días naturais, contados a partir do seguinte o da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As instancias poderán presentarse na forma previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común.

Ás solicitudes debidamente cubertas, achegaranse os documentos que a continuación se indican:

-Fotocopia compulsada do DNI, pasaporte ou documento acreditativo da súa personalidade e nacionalidade.

-Copia compulsada da titulación esixida para participar no procedemento selectivo.

-Declaración xurada na que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 4 referidos ao día en que remate o prazo de presentación de instancias.

-Acreditación do coñecemento da lingua galega mediante a presentación do Celga 4 ou superior se se posúe.

QUINTA.- Admisión de aspirantes, data e lugar de celebración das probas.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de 1 mes pola que declarará aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

Dita resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Samos (www.concellosamos.es).

Na publicación farase constar, apelidos, nome e parte do número de DNI, así como se é o caso, as causas que motivaron a súa exclusión.

Os aspirantes excluídos ou omitidos na resolución disporán dun prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Samos, conforme ao establecido no artigo 68 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas, para corrixir os defectos que motivaron a súa exclusión ou omisión das relacións de admitidos e excluídos. Se no dito prazo non se corrixen os defectos serán definitivamente excluídos da realización das probas.

No caso de non presentarse alegacións ou correccións á lista provisional, elevarase a definitiva.

A resolución pola que se aproba a lista definitiva publicarase do mesmo xeito que a provisional, determinando así mesmo lugar, data e hora de comezo das probas selectivas e composición do tribunal, e será determinante dos prazos a efectos de posible impugnacións ou recursos.

SEXTA.- Tribunal Cualificador.

O tribunal estará composto por cinco membros e os seus correspondentes suplentes, un dos cales actuará como presidente. A súa composición se axustará ó previsto no artigo 60 do estatuto básico do empregado público. A súa composición nominal se publicará Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Samos, conxuntamente coa fixación da data do primeiro exercicio. Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O presidente deberá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non atoparse incurso nas circunstancias previstas no citado artigo 23 da Lei 40/2015 de de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, nin nas demais causas de abstención previstas nesta base.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da Lei 40/2015 de Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente, en todo caso requírese a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto; limitaranse ó exercicio das especialidades técnicas.

Para os efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións do tribunal, este estará clasificado na categoría b) do número 1 do artigo 30 do Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

SÉTIMA.- Comezo e desenvolvemento das probas selectivas e programa.

De acordo co previsto no artigo 45 punto 1 apartado b da Lei 39/2015 do 01 de outubro do Procedemento Administrativo das Administracións Públicas, a publicación das datas de celebración dos sucesivos exercicios, das cualificacións dos mesmos e do resultado do procedemento selectivo publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Samos (www.concellosamos.es).

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento que acredite de forma fidedigna a súa identidade a xuízo do tribunal.

Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, sendo excluídos da oposición os que non comparecen, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente valorados polo tribunal. As razóns ou probas xustificativas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ó que non comparezan.

En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditaren a súa personalidade.

Dende a total conclusión dunha proba ata o comezo da seguinte deberá de transcorrer un prazo mínimo de corenta e oito (48) horas e máximo de corenta días (40) días naturais.

De cada sesión que celebre o tribunal redactarase unha acta polo/a Secretario/a do mesmo na que se farán constar as cualificacións dos exercicios dos aspirantes, así como as incidencias que se produzan

OITAVA.- Sistema de selección e cualificación dos exercicios

O procedemento de selección dos aspirantes constará dunha única fase: Oposición.

FASE OPOSICIÓN:

A data, hora e lugar de celebración do primeiro exercicio darase a coñecer coa publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos.

A oposición consistirá na realización de 3 probas de capacidade e aptitude eliminatorias e obrigatorias para os aspirantes.

O exercicio das probas será obrigatorio e eliminatorio sendo eliminados os aspirantes que non alcancen como mínimo a metade da puntuación máxima outorgada a cada un dos exercicios

Os exercicios da oposición serán os seguintes:

• **-PRIMEIRO EXERCICIO:**

- De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en responder un cuestionario tipo test con respostas alternativas sobre o temario da parte común. Serán corenta preguntas con tres posibles respostas cada unha.
- O aspirante deberá acadar un mínimo de 10 puntos para superar esta fase.
- Puntuación máxima 20 puntos.

• **-SEGUNDO EXERCICIO**

- De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en desenvolver un ou varios supostos prácticos relacionados co traballo social. Poden incluír una ou varias preguntas complementarias relativas a ditos supostos.
- Cada resposta correcta puntuará 0,50 puntos e cada resposta errónea, 0,20.
- O aspirante deberá acadar un mínimo de 10 puntos para superar esta fase.
- Puntuación máxima 20 puntos.

• **-TERCEIRO EXERCICIO:**

Exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en desenvolver por escrito, e obrigatoriamente en galego, no prazo máximo de dúas horas, un tema de entre os incluídos na parte específica temario da convocatoria, determinado polo tribunal inmediatamente antes do inicio do exercicio. Os/As aspirantes terán ampla liberdade no que respecta á forma de exposición e valorarase a formación xeral, a claridade de ideas, así como o rigor e precisión na exposición. Este exercicio deberá ser lido obrigatoriamente ante o tribunal, en sesión pública podendo o tribunal formular as preguntas que considere necesario.

O aspirante deberá acadar un mínimo de 10 puntos para superar esta fase.

Puntuación máxima 20 puntos.

• **COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA:**

- Para aqueles opositores que non teñan acreditado o coñecemento do galego, realizarase unha proba que consistirá nunha tradución castelán-galego dun texto facilitado polo Tribunal. Puntuarase ata un máximo de 10 puntos e será preciso contar cunha puntuación mínima de 5 puntos para superalo. Esta proba será obrigatoria para aqueles que non poidan acreditar o coñecemento da lingua galega a través dos certificados correspondentes, sempre e cando tiveran superado os tres exercicios anteriores. Dita puntuación non se sumará ao resultado da oposición.

O contido deste programa será o seguinte:

PARTE COMÚN:

1. A Constitución Española. Preámbulo, Títulos Preliminar e Primeiro.
2. O concello. Elementos que o constitúen. Competencias do concello.
3. A organización municipal. O alcalde, o pleno, a xunta local de goberno, os tenentes de alcalde e os concelleiros delegados. Distribución de competencias. Funcionamento dos órganos colexiados.
- 4.O Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
- 5.O expediente administrativo. O procedemento administrativo e as súas fases. O acto administrativo. Recursos contra os actos administrativos
6. A potestade regulamentaria das entidades locais. Regulamentos ordenanzas e bandos. As ordenanzas fiscais. Contido e procedemento de elaboración.
7. O persoal ao Servizo das Corporacións Locais. O Texto Refundido Estatuto Básico do Empregado Público: Clases de persoal, e graos, retribucións, dereitos e deberes, faltas, sancións, procedemento sancionador.

PARTE ESPECÍFICA.

- 1.Lei 13/2008, do 3 de decembro de SS.SS. de Galicia. Estrutura, Niveis de Atención, SS.SS. Comunitarios Básicos, SS.SS. Comunitarios Específicos, SS.SS. Especializados, Equipa profesional de SS.SS.. Profesional de referencia e Tarxeta Social Galega
- 2.Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os SS.SS. Comunitarios e o seu Financiamento. Conceptos Xerais

3. Dependencia, Lei 39/2006 de 14 de Decembro. Sistema Galego de Atención á Dependencia, Requisitos xerais para o acceso ás prestacións e incompatibilidades, valoración e recoñecemento da situación de dependencia nos supostos de emerxencia social, e nos menores de 3 anos. PIA
4. Procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia (Decreto 15/2010 de 4 de febreiro e Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro e as súas modificacións)
5. Servizos e Prestación dos Sistema de Atención á Dependencia
6. O Plan Concertado: finalidades, obxectivos e prestacións.
7. Lei 10/2013 do 27 de novembro de Inclusión Social de Galicia. Obxecto e natureza. Tipoloxía das axudas. RISGA e AIS
8. ORDE d 22 de xaneiro de 2009 por la que se regula o Servizo de Axuda no Fogar en Galicia.
9. A teleasistencia e os programas de xantar na casa. Obxectivos e función
10. Orde do 1 de abril de 2013 pola que se aproba o modelo de informe social unificado para a área de dependencia, discapacidade e promoción da autonomía persoal e se aproba a súa utilización no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
11. Deontoloxía do Traballo social, código ético do traballador/a social.
12. Metodoloxía e Traballo Social. Concepto e fases do Método Básico
13. O/a Traballador/a Social na Planificación: elaboración de Programas e Proxectos Sociais.
14. Instrumentos do traballo social: tipos e características
15. Ferramentas informáticas para o TS: SIUSS, SIGAD, HSUE E MATIASS: Concepto e finalidade

NOVENA.- Relación de aprobados.

O resultado final deste proceso virá determinado pola suma das puntuacións obtidas na totalidade dos exercicios

Finalizadas as probas selectivas o tribunal fará publicas, nos lugares determinados, a relación definitiva dos aspirantes aprobados indicando parcialmente o seu D.N.I. e pola orde da puntuación obtida. Esta relación presentarse ao señor alcalde coa proposta de contratación do candidato/a para o posto de traballo.

O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ó das prazas que se convocaran, resultando nulo de pleno dereito calquera acorde que contraviñese o disposto por esta norma.

Formarase unha bolsa de contratación cos aspirantes que non tiveran a máxima puntuación, pero superen os tres exercicios. Esta bolsa será vixente ata a cobertura en propiedade da praza.

DÉCIMA.- Presentación de documentos.

Os/as aspirantes propostos/as, achegarán no prazo de vinte (20) días naturais, contados a partir da publicación da lista de aprobados/as no lugar indicado na base undécima os documentos seguintes:

- Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para a súa compulsa) do DNI ou pasaporte.
- Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para a súa compulsa) do título académico, ou, no seu defecto, o xustificante de ter aboado os dereitos para a súa expedición.
- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Declaración de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado o acceso ó emprego público.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base cuarta non poderán ser nomeados funcionarios e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorran por falsidade na solicitude de participación.

ÚNDECIMA.- Nomeamento e toma de posesión

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o Sr. Alcalde efectuará o nomeamento do candidato proposto.

Dito nomeamento, que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Samos, será susceptible de recurso de reposición perante o Sr. Alcalde no prazo dun mes a contar dende o día da publicación do nomeamento, ou ben de recurso contencioso- administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar dende o día da publicación do mesmo.

Coa finalidade de facilitar a elaboración do recurso e de reforzar o principio de transparencia e igualdade, o expediente completo do proceso de selección, (que abranguerá as actas dos tribunais, as solicitudes dos candidatos cos documentos xustificativos dos méritos alegados e os exercicios escritos realizados por cada candidato), o Secretario do Tribunal, unha vez formalizada a proposta de resolución, o entregará o Secretario da Corporación, que estará obrigado a facilitar o seu acceso ós interesados en tanto a resolución non sexa firme.

DUODÉCIMA.- Impugnación.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven desta poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común.

Proceso selectivo para cubrir unha praza de Traballador/a Social interino/a vacante na prantilla de persoal

1º. Apelido:	D.N.I.:
2º. Apelido:	Teléfono:
Nome:	Móbil:
Enderezo:	e-mail:
Poboación, provincia e C.P.	

MAIFESTA :

-Que desexa tomar parte no proceso selectivo para o acceso a referida praza.

-Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumpre tódolos requisitos esixidos nas bases da convocatoria

-Que achega a seguinte documentación:

5. Copia do DNI ou pasaporte

6. Copia compulsada do título esixido para participar no procedemento selectivo.

SOLICITA :

Ser admitido nas indicadas probas selectivas.

Samos, a de de 2020.”

Samos, 3 de novembro de 2020.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 2698

SARRIA

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

O 29 de outubro de 2020 o Pleno de Sarria acordou a modificación da plantilla e o anexo de persoal, para dar cumprimento a diferentes sentenzas da xurisdición do social que teñen declarado o carácter indefinido non fixo da relación laboral de varios empregados municipais, con base na prestación de actividades estruturais e permanentes do Concello, así mesmo, vistas as necesidades, entre outras, de seguimento e control das concesións municipais, elaboración de proxectos e informes de carácter superior, se procede á transformación de unha praza vacante de arquitecto técnico a unha praza de enxeñaría superior industrial.

Considerando que conforme ao artigo 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sonlle de aplicación as mesmas normas sobre información, reclamacións e publicidade previstas no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, para a aprobación dos Orzamentos así como o artigo 90 da LRBRL.

De conformidade co artigo 126 do Texto Refundido das Disposicións vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, sométese a información pública, o expediente 1698/2020, polo prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as reclamacións que se estimen pertinentes.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <https://sarrria.sedelectronica.es>. No caso de que non se presentasen reclamacións durante este período, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial e a modificación considerárase aprobada.

Sarria, 2 de novembro de 2020.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martinez.

R. 2699

TRABADA

Anuncio

INFORMACION PÚBLICA

Por Decreto da Alcaldía de 30 de outubro de 2020, prestouse aprobación inicial da Taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga correspondente ao (4º bimestre do ano 2020), expónse ao público polo prazo de quince días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P de Lugo.

Recurso: Contra o decreto de aprobación do padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, poderá interperse recurso de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón.

Órgano ante o que se recorre: Alcaldía do Concello de Trabada.

Contra a resolución expresa ou presenta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entende producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos serán cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, desde o 19 de novembro de 2020 ata o 19 de xaneiro de 2021. Finalizado o exercicio pasarase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Trabada, 30 de outubro de 2020.- A Alcaldesa, Mayra García Bermúdez .

R. 2700

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) - ALFOZ

Anuncio

Convocatoria de axudas para o transporte de estudantes de Bacharelato e ciclos formativos en centros públicos da Comarca da Mariña - Curso 2020/2021

BDNS (Identif.): 531495

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/531495>)

1) Crédito orzamentario: 7.000 euros. Partida de imputación: 326.480.

2) Obxecto, condicións e finalidade:

O obxectivo é a concesión de axudas económicas individuais destinadas a sufragar os gastos de desprazamento daqueles alumnos/as do Concello que estudian fóra do termo municipal bacharelato e ciclos formativos en centros de ensinanza sostidos con fondos públicos, mediante o uso prioritario do transporte público, nalgunha das seguintes modalidades, e sempre dentro da comarca de A Mariña : Bacharelato, Ciclo de formación profesional básica , ciclo medio de formación profesional e Ciclo superior de formación profesional, todos eles nas modalidades de Réxime ordinario, Réxime das persoas adultas modalidade presencial (oferta modular) e Formación profesional dual.

A finalidade é favorecer a escolarización non obrigatoria nos niveis de bacharelato e ciclos de formación profesional , así como o uso do transporte público.

A tales efectos os estudantes deben estar matriculados en centros sostidos con fondos públicos da Comarca de A Mariña, integrada por:

- Comarca de A Mariña Oriental: Barreiros, Ribadeo, Trabada e A Pontenova.
- Comarca de A Mariña Central: Burela, Valadouro, Alfoz, Foz , Lourenzá e Mondoñedo.
- Comarca de A Mariña Occidental: O Vicedo, Xove, Viveiro, Cervo e Ourol.

3) Réxime de convocatoria: Concorrenza competitiva.

4) Beneficiarios:

As axudas poderán ser solicitadas:

- No caso de alumnos/as menores de idade (no momento da solicitude) a axuda será solicitada polas familias das/os alumnas/os, e en concreto polo menos por un dos proxenitores naturais ou por adopción dos menores titulares do Libro de Familia, ou polos titores legais.
- Os alumnos/as maiores de idade (no momento da solicitude) solicitarán a axuda directamente ao seu nome.

5) Requisitos:

a.- Toda a unidade familiar, engadido o alumno, deberá cumprir orequisito de estar empadroada/o e ter residencia efectiva no Concello de Alfoz, salvo no suposto de independencia do solicitante, que se considerará tal se no momento da solicitude ten contrato de traballo en vigor, e en cuxo caso se requirirá o empadramento e residencia efectiva persoal.

b.- Encontrarse matriculado, durante o curso académico que se inicie na anualidade da convocatoria, nalgún dos estudos indicados na base primeira impartidos en centro educativo sostido con fondos públicos da Comarca de A Mariña e manter dita matrícula ata o remate do curso.

c.- O estudante non pode ter cumpridos os 30anos, tanto no momento da convocatoria como dentro no ano natural no que se publique a mesma.

d.- Non ser o solicitante nin o beneficiario debedor/a á Facenda Municipal, Autonómica ou Estatal así como a Seguridade Social.

e.- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Alfoz

f.- Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o artigo 10 da lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

g.- Utilizar o transporte público nos desprazamentos totais ou parciais dende o seu domicilio ao centro de estudos, salvo acreditación de incompatibilidade de horario lectivo con horario do transporte público.

6) Documentación a presentar :

a.- Impreso de solicitude (Anexo I) e declaración xurada (Anexo II).

b.- Fotocopia do D.N.I. ou N.I.F. do solicitante (en caso de alumnos/as menores de idade) e do alumno/a.

c.- Fotocopia do Libro de Familia

d.- Certificado de empadramento e convivencia.

e.- Certificado ou acreditación de estar matriculado nos estudos para os que se solicita a axuda.

f.- Certificación de titularidade da conta bancaria onde efectuar o ingreso. No caso de alumnos/as maiores de idade, deberán ser titulares da conta bancaria.

g.- Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade, no modelo normalizado.

h.- Declaración acreditativa do cumprimento dos requisitos, obrigas e condicións necesarias para a obtención da axuda, no modelo normalizado. (Anexo III) onde conste que non anulará matrícula, que destinará a contía económica aos fins establecidos durante o curso académico correspondente.

7) Prazo de presentación de solicitudes: 15 DIAS HÁBILES contados a partir do día seguinte da publicación da presente convocatoria no BOP e na BDNS.

8) Prazo de resolución e notificación: 6 meses a partir da publicación da correspondente convocatoria.

9) O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa, podendo interperse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ou ben directamente contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

10) Criterios de valoración: No suposto de que o número de solicitudes presentadas na convocatoria correspondente, que cumpran os requisitos das presentes bases, superase a cantidade orzamentaria total asignada, a mesma non se verá modificada, reducíndose en todo caso de forma proporcional a contía asignada a cada beneficiario.

11) Medio de notificación: A resolución notificarase aos interesados por publicación no taboleiro de anuncios, sede electrónica do concello, e serán notificados individualmente. Transcorrido o prazo sen que se renuncie á subvención, se entenderá tacitamente aceptada.

12) Outros datos.

As solicitudes formularanse no modelo normalizado existente nas oficinas de rexistro do Concello e publicados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, presentándose no Rexistro de entrada do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Admítese o pagamento a conta de ata o 50 % da contía total da axuda concedida.

Alfoz, 4 de novembro de 2020.- Alcalde do Concello de Alfoz, Jorge Val Díaz.

R. 2718